

RBF/mcmm

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución da obra denominada "Pavimentación nas Rúas Amparo López Jean, Monte Alfeirán, Pena Loureira-Castro e Cornedo-Sésamo", incluídas no POS 201, a adjudicar mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo.

ANTECEDENTES

1. O 13 de xullo de 2011, mediante Resolución nº 1085-2011 do Sr. Alcalde, apróbase o expediente para a contratación das obras denominadas "Pavimentación nas Rúas Amparo López Jean, Monte Alfeirán, Pena Loureira-Castro e Cornedo Sésamo", incluídas no POS 201, abrindo o prazo de presentación de ofertas a partir da publicación do correspondente anuncio da licitación no BOP, no diario La Voz de Galicia e perfil do contratante deste concello, e aprobando o prego de cláusulas administrativas particulares.

2. Para tal efecto os días 21 e 28 de xullo de 2011 publícanse anuncios da licitación no diario "La Voz de Galicia", no perfil do contratante e no BOP, respectivamente, nos que se solicitan ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.

3. A Mesa Xeral de contratación, en sesións celebradas o 05 e 09 setembro, analizou a documentación administrativa, resultando que os licitadores que a continuación se relacionan teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación:

Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción S.L.; Obras y Saneamientos de Galicia, S.L., Construcciones D. Ogando, S.L.; Francisco Gomez y Cia, S.L.; Conslar, Ingeniería y construcción S.L.U.; Hordescan, S.L.; Intemaga, S.L.; Maceiras y Esmoris, S.L.; Construcciones Lopez Cao, S.L.; Excavaciones Amenedo, S.L.; Canarga, S.L.; Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.; Martinez Montes e hijos, S.L.; Asogal Construcciones, S.L.; Construcciones J. Mauri e hijos, S.L.; Construcciones Ponciano Nieto, S.L.; Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.; Obras y Viales de Galicia, S.L.; Lancer Proyectos y Obras, S.A.; Excavacions Cernadas Valiña, S.L.; Arias Hermanos, S.A.; Construcciones Alejandro Martinez e Hijos, S.L.; Syr-Amg Obras y Servicios, S.L.; Marco Obras y Proyectos de Arosa, S.L., e Construcciones Pan y Diaz, S.L.

E non se admiten as ofertas presentadas polas empresas que se relacionan polas causas que se indican en cada caso: Construcciones y Técnicas Casamore, S.L; GR construcciones, obras y servicios, S.L. e Concifa, S.L.

4. A Mesa Xeral de contratación en sesión celebrada o 9 setembro procedeu á apertura do sobre que contén a oferta económica, resultando que están incursas en presunción de conter valores desproporcionados (de acordo co disposto na cláusula 15.3 PCAP) as seguintes propostas:

LOTE 1 : Construcciones D. Ogando, S.L., e Canarga, S.L.

LOTE 2 : Construcciones D. Ogando, S.L., e Canarga, S.L.

LOTE 3 : Construcciones D. Ogando, S.L., Canarga, S.L., Construcciones J. Mauri e hijos, S.L., Construcciones Ponciano Nieto, S.L., e SYG-AMG, Obras y Servicios, S.L.

LOTE 4: D. Ogando, S.L., e Canarga, S.L.

Acordándose requirir ás empresas para que presenten a documentación xustificativa establecida na cláusula 15.3.2 do PCAP.

5. En sesión de 29 de setembro, visto o informe técnico sobre a xustificación da presunta temeridade, a Mesa Xeral de Contratación acorda propoñer a adxudicación das obras, ás seguintes empresas:

LOTE	EMPRESA	PREZO OFERTADO
1 Pavimentación R/ Amparo Lopez Jean	CANARGA, S.L.	37.904,24 € máis IVE
2 Pavimentación calles en Monte Alfeirán	CANARGA, S.L.	64.545,76 € máis IVE
3 Pavimentación R/ Pena Loureira-Castro	PONCIANO NIETO, S.L.	28.653,79 € máis IVE
4 Pavimentación en Cornedo-Sésamo	CANARGA, S.L.	25.337,29 € máis IVE

C.I.F. P-1503100-H

O 29 de setembro de 2011, de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 135 da Lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP) requíriuse aos licitadores que presentaron as ofertas economicamente máis vantaxosas para que presentaran a documentación esixida.

6. No prazo que se estableceu, as empresas acreditaron estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Comprobouse que non teñen débedas en período executivo con este concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 144 LCSP establece que no procedemento aberto cun único criterio de valoración o órgano competente para a valoración das ofertas formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario
- O artigo 135 LCSP establece no seu apartado terceiro que a adxudicación deberá realizarse dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adxudicación deberá ser motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Excluír do procedemento de adxudicación, as súas ofertas que se relacionan e que non foron admitidas polas seguintes razóns:

Licitador:

Causa:

<p>CONSTRUCCIONES Y TECNICAS CASAMORE, S.L.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Non acreditar a solvencia técnica necesaria para contratar : a relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares, que o licitador adscribirá ás obras, adecuada ás características destas obras de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo, non está asinada. • Non acreditar que non está incurso en algunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidade establecidas polo artigo 49 LCSP: na declaración responsable presentada consta a lexitimación da firma realizada por un notario, mais non está outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado tal e como esixe o artigo 62,1 LCSP).
<p>GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Non acreditar a solvencia técnica necesaria para contratar: a relación das obras executadas no curso do últimos cinco anos, só está acompañada de un certificado de boa execución, esixindo a cláusula 12.1,G do PCSP a presentación de máis de un.
<p>CONCIFA, S.L</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Incluír a oferta económica dentro do sobre denominado DOCUMENTACIÓN, incumprindo o establecido no artigo 129.2 da LCSP sobre o segredo das proposicións ata o momento da licitación pública.

SEGUNDO.- Declarar a validez do acto celebrado e adjudicar a execución das obras incluídas no expediente "Pavimentación nas Rúas Amparo López Jean, Monte Alfeirán, Pena Loureira-Castro e Cornedo Sésamo", segundo os lotes establecidos, ás empresas que se relacionan:

LOTE	EMPRESA	PREZO OFERTADO
1 Pavimentación R/ Amparo López Jean	CANARGA, S.L. CIF B15360902	44.727,00 € (IVE incluído)
2 Pavimentación calles en Monte Alfeirán	CANARGA, S.L. CIF B15360902	76.164,00 € (IVE incluído)
3 Pavimentación R/Pena Loureira-Castro	PONCIANO NIETO, S.L. CIF B15293145	33.811,47 € (IVE incluído)
4 Pavimentación en Cornedo-Sésamo	CANARGA, S.L. CIF B15360902	29.898,00 € (IVE incluído)

TERCEIRO.- En relación cos candidatos descartados, as súas ofertas foron desestimadas por ofertar un prezo máis elevado ao contido na oferta do adxudicatario.

CUARTO.- Requirir aos adxudicatarios de cada un dos lotes para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo, comparezan para a sinatura do contrato.

QUINTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.4 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

SEXTO.- Nomear director das obras a D. Edmundo Varela Lema, xefe de servizo de Medio Ambiente e Servizos.

SEPTIMO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 05 de outubro de 2011.

A proposta de
O/A xefe de servizo de

Intervido e conforme
Culleredo,
O interventor accidental

Asdo.: Roberto Babío Fernández

Asdo.: Roberto Babío Fernández

Conforme coa proposta, elévase a resolución

Dou fe,

4 de 5



Culleredo, 6/10/2011
O Alcalde

A secretaria xeral

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

Asdo.: Pilar María Pastor Novo

C.I.F. P-1503100-H